

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

13252 *Real decreto 1073/2014, do 19 de decembro, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro; o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.*

O presente real decreto ten como obxectivo fundamental modificar o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, para acomodar o seu contido aos diversos cambios habidos na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, á cal desenvolve, realizados pola Lei 28/2014, do 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido; a Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias; a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e a Lei 16/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras.

O real decreto consta de tres artigos e de seis disposicións, dúas transitorias, unha derogatoria e tres derradeiras. O primeiro dos ditos artigos contén, como se indicou, as modificacións do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro; o segundo artigo modifica o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e o terceiro fai o propio co Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

De forma pormenorizada, a obrigada adaptación do desenvolvemento regulamentario ás modificacións legais do imposto prodúcese, entre outros, nos seguintes supostos:

– Axústanse as condicións para exercer a renuncia ás exencións en determinadas operacións inmobiliarias aos novos requisitos que se establecen na Lei do imposto.

– Adáptanse as comunicacións e demais regras existentes para a aplicación da inversión do suxeito pasivo aos novos supostos que se incorporan na Lei do imposto, en concreto, polo que respecta ás entregas de teléfonos móbiles, consolas de videoxogos, ordenadores portátiles e tabletas dixitais; así, en caso de destinatarios que se dediquen con carácter habitual á revenda dos ditos bens, exíxese a comunicación, a través da correspondente declaración censual, da súa condición de revendedor á Administración tributaria e a acreditación da dita condición ao seu provedor mediante a achega dun certificado que pode obter a través da sede electrónica da Administración tributaria, unha vez presentada a mencionada declaración censual e que terá unha vixencia máxima dun ano natural.

– A opción polos novos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica, cando España sexa o Estado membro de consumo, vai determinar que a devolución das cotas soportadas no territorio de aplicación do imposto a empresarios ou profesionais non establecidos nel, consecuencia da adquisición ou importación de bens e servizos que se destinen á prestación dos servizos mencionados, se teña que tramitar polos

procedementos de devolucións previstos para tal efecto nos artigos 119 e 119 bis da Lei do imposto.

Polo que respecta a estes réximes especiais, engádese un novo capítulo IX ao título VIII do regulamento, onde se incorporan as condicións para poder optar a eles, así como o exercicio da renuncia ou a exclusión dos réximes mencionados e os seus efectos, reproducindo en boa parte a normativa comunitaria que se recolle no Regulamento (UE) n.º 967/2012 do Consello, do 9 de outubro de 2012, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011 no que concirne aos réximes especiais dos suxeitos pasivos non establecidos que presten servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión, ou por vía electrónica a persoas que non teñan a condición de suxeitos pasivos, que resulta directamente aplicable en cada un dos Estados membros. A dita execución normativa interna xustifícase por motivos de seguridade xurídica.

– O réxime especial simplificado e o réxime especial da agricultura, ganderaría e pesca adáptanse aos novos límites que para a súa aplicación se incorporan na Lei do imposto.

– Polo que respecta ao réxime especial das axencias de viaxes, régulase o exercicio da opción pola aplicación do réxime xeral do imposto a que se refire o artigo 147 da lei, que se deberá efectuar operación por operación e ser comunicada por escrito ao destinatario con carácter previo ou simultáneo á prestación dos servizos a que se refire, ben que, cunha finalidade simplificadora, se prevé que esa comunicación se poida realizar ao tempo da expedición da factura e a través desta.

– No réxime especial do grupo de entidades defínense as diferentes ordes de vinculación, financeira, económica e organizativa, establecendo a presunción *iuris tantum* de que, cumprida a financeira, se entenden que se satisfán as demais; así mesmo, tendo en conta a finalidade e funcionamento deste réxime especial e de acordo coa modificación operada no artigo 163 octies da Lei do imposto, prevese a aplicación obrigatoria da *pro rata* especial para o réxime avanzado.

– En relación coa opción prevista na Lei do imposto de diferir o ingreso das cotas do imposto á importación ao tempo de presentar a correspondente declaración-liquidación periódica, desenvolverase o procedemento polo que determinados operadores, en concreto os que tributen á Administración do Estado e contén cun período de liquidación mensual, van poder exercela.

Por outra parte, o real decreto modifica tamén no seu artigo primeiro o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, para incorporar determinados axustes técnicos ou de mellora do imposto, así:

– Flexibilízase a aplicación de certas exencións, como as do réxime de viaxeiros, pola dobre vía de permitir que o provedor dos bens poida realizar o reembolso do imposto a través de tarxeta de crédito ou doutro medio de pagamento acreditativo e habilitar para que as entidades colaboradoras no reembolso do imposto poidan remitir aos provedores as facturas en formato electrónico para obter o reembolso do imposto.

Pola súa parte, respecto da exención na entrega de bens a determinados organismos recoñecidos para a súa exportación, prevese que a Axencia Estatal de Administración Tributaria poida ampliar, logo de solicitude, o prazo de tres meses establecido para a súa exportación.

– Establécese que a acreditación da remisión da factura rectificativa ao destinatario da operación, para proceder á modificación da base imponible, só se exixa nos supostos de debedor concursal ou de créditos incobrables.

– Axústanse as normas dos procedementos administrativos e xudiciais de expropiación forzosa, nos supostos en que sexa de aplicación a regra da inversión do suxeito pasivo disposta na Lei do imposto.

No artigo segundo modifícase o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, para axustalo aos cambios

introducidos na normativa do imposto sobre o valor engadido, basicamente en canto á incidencia que estes teñen no contido da declaración censual.

Por último, o real decreto modifica no seu artigo terceiro o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, tamén como consecuencia dos cambios introducidos na normativa do imposto sobre o valor engadido, principalmente derivado das modificacións no réxime especial de axencias de viaxes e dos novos supostos de inversión do suxeito pasivo.

A disposición transitoria primeira permite, exclusivamente para o ano 2015, que a comunicación da condición de revendedor á Axencia Estatal de Administración Tributaria se realice até o 31 de marzo de 2015, no caso de empresarios ou profesionais que viñesen exercendo as súas actividades durante o ano 2014; así mesmo, a disposición transitoria segunda establece, exclusivamente para o ano 2015, un prazo adicional para poder optar polo diferimento do ingreso das cotas do imposto sobre o valor engadido nese ano; a disposición derogatoria suprime a disposición adicional única do Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, e as disposicións derradeiras recollen o título competencial do real decreto, a súa facultade de desenvolvemento e a súa entrada en vigor.

O real decreto establece a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2015, con algunha excepción como a relativa á regulación do réxime especial simplificado e de agricultura, gandería e pesca, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

O Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«1. A renuncia ás exencións reguladas nos ordinais 20.º e 22.º do número un do artigo 20 da Lei do imposto sobre o valor engadido deberase comunicar fidedignamente ao adquirente con carácter previo ou simultáneo á entrega dos correspondentes bens.

A renuncia practicarase por cada operación realizada polo suxeito pasivo e, en todo caso, deberase xustificar cunha declaración subscrita polo adquirente en que este faga constar a súa condición de suxeito pasivo con dereito á dedución total ou parcial do imposto soportado polas adquisicións dos correspondentes bens inmobles ou, noutro caso, que o destino previsible para o que vaian ser utilizados os bens adquiridos o habilita para o exercicio do dereito á dedución, total ou parcialmente.»

Dous. O parágrafo e) da letra B) do ordinal 2.º e o ordinal 4.º do número 1 do artigo 9 quedan redactados da seguinte forma:

«e) O viaxeiro remitirá a factura dilixenciada pola alfándega ao provedor, quen lle devolverá a cota repercutida no prazo dos quince días seguintes mediante cheque, transferencia bancaria, aboamento en tarxeta de crédito ou outro medio que permita acreditar o reembolso.

O reembolso do imposto poderase efectuar tamén a través de entidades colaboradoras, autorizadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, e corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas determinar as

condicións a que se axustará a operativa das ditas entidades e o importe das súas comisións.

Os viaxeiros presentarán as facturas dilixenciadas pola alfándega ás ditas entidades, que aboarán o importe correspondente e farán constar a conformidade do viaxeiro.

Posteriormente, as referidas entidades remitirán as facturas, en papel ou en formato electrónico, aos provedores, que estarán obrigados a efectuar o correspondente reembolso.»

«4.º Entregas de bens a organismos recoñecidos para a súa posterior exportación.

Para os efectos desta exención, corresponderá ao Departamento de Xestión da Axencia Estatal de Administración Tributaria o recoñecemento oficial dos organismos que exerzan as actividades humanitarias, caritativas ou educativas, por solicitude deles e logo de informe do departamento ministerial respectivo, no cal se acredite que os ditos organismos actúan sen fin de lucro.

En relación con estas entregas, será tamén de aplicación o disposto no ordinal 1.º deste número.

A exportación dos bens fóra da Comunidade deberase efectuar no prazo dos tres meses seguintes á data da súa adquisición ou, logo de solicitude, nun prazo superior autorizado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. O organismo autorizado quedará obrigado a remitir ao provedor copia do documento de saída no prazo dos quince días seguintes á data da súa realización.»

Tres. O número 1 do artigo 24 queda redactado da seguinte forma:

«1. Nos casos a que se refire o artigo 80 da Lei do imposto, o suxeito pasivo estará obrigado a expedir e remitir ao destinatario das operacións unha nova factura en que se rectifique ou, se for o caso, se anule a cota repercutida, na forma prevista no artigo 15 do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro. Nos supostos do número tres do artigo 80 da Lei do imposto, deberase expedir e remitir, así mesmo, unha copia da dita factura á Administración concursal e no mesmo prazo.

A diminución da base imponible ou, se for o caso, o aumento das cotas que deba deducir o destinatario da operación estarán condicionados á expedición e remisión da factura que rectifique a anteriormente expedida. Nos supostos dos números tres e catro do artigo 80 da Lei do imposto, o suxeito pasivo deberá acreditar, así mesmo, a dita remisión.»

Catro. Modifícase o número 1, os actuais 5, 6 e 7 pasan a numerarse 6, 7 e 8, respectivamente; inclúese un novo número 5 e modifícase o número 8 (actual 7) do artigo 24 quáter, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. O empresario ou profesional que realice a entrega a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra e), segundo guión, da Lei do imposto, deberá comunicar expresa e fidedignamente ao adquirente a renuncia á exención por cada operación realizada.

Sen prexuízo do disposto no número cinco do artigo 163 sexies da Lei do imposto, o transmitente só poderá efectuar a renuncia a que se refire o parágrafo anterior cando o adquirente lle acredite a súa condición de suxeito pasivo nos termos a que se refire o número 1 do artigo 8 deste regulamento.»

«5. Os destinatarios das operacións a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra g), segundo e terceiro guións, da Lei do imposto, deberán, se for o caso, comunicar expresa e fidedignamente ao empresario ou profesional que realice a entrega as seguintes circunstancias:

a) Que están actuando, con respecto ás ditas operacións, na súa condición de empresarios ou profesionais.

b) Que están actuando, con respecto ás ditas operacións, na súa condición de revendedores, o que deberán acreditar mediante a achega dun certificado específico emitido para estes efectos a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria a que se refire o artigo 24 quinquies deste regulamento.»

«8. De mediar as circunstancias previstas no número un do artigo 87 da Lei do imposto, os citados destinatarios responderán solidariamente da débeda tributaria correspondente, sen prexuízo, así mesmo, da aplicación do disposto nos ordinais 2.º, 6.º e 7.º do número dous do artigo 170 da mesma lei.»

Cinco. Engádesse un artigo 24 quinquies no título IV bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24 quinquies. *Concepto e obrigacións do empresario ou profesional revendedor.*

Para os efectos do disposto no artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra g), segundo e terceiro guións, da Lei do imposto, considerarase revendedor o empresario ou profesional que se dedique habitualmente á venda dos bens adquiridos a que se refiren as ditas operacións.

O empresario ou profesional revendedor deberá comunicar ao órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria a súa condición de revendedor mediante a presentación da correspondente declaración censual ao tempo de comezo da actividade, ou ben durante o mes de novembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto.

A comunicación entenderase prorrogada para os anos seguintes en canto non se produza a perda da dita condición, que deberá, así mesmo, ser comunicada á Administración tributaria mediante a oportuna declaración censual de modificación.

O empresario ou profesional revendedor poderá obter un certificado co código seguro de verificación a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que terá validez durante o ano natural correspondente á data da súa expedición.»

Seis. O ordinal 6.º da letra d) do número 1 do artigo 31 queda redactado da seguinte forma:

«6.º Unha declaración do solicitante en que manifieste que non realiza no territorio de aplicación do imposto operacións distintas das indicadas no ordinal 2.º do número dous do artigo 119 da lei.

Así mesmo, cando se trate dun empresario ou profesional titular dun establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto, deberase manifestar na dita declaración que non se realizaron entregas de bens nin prestacións de servizos desde ese establecemento permanente durante o período a que se refira a solicitude.

Non obstante, os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto pero establecidos na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla, que se acollan aos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica, regulados no capítulo XI do título IX da Lei do imposto, non estarán obrigados ao cumprimento do disposto neste ordinal 6.º respecto das operacións acollidas aos ditos réximes.»

Sete. O ordinal 1.º da letra d) do número 1 do artigo 31 bis queda redactado da seguinte forma:

«1.º Unha declaración subscrita polo solicitante ou o seu representante en que manifieste que non realiza no territorio de aplicación do imposto operacións distintas das indicadas no ordinal 2.º do número dous do artigo 119 da Lei do imposto.

Así mesmo, cando se trate dun empresario ou profesional titular dun establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto, deberase manifestar na dita declaración que non se realizaron entregas de bens nin prestacións de servizos desde ese establecemento permanente durante o período a que se refira a solicitude.

Non obstante, os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que se acollan aos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión, e aos prestados por vía electrónica, regulados no capítulo XI do título IX da Lei do imposto, non estarán obrigados ao cumprimento do disposto neste ordinal 1.º respecto das operacións acollidas aos ditos réximes.»

Oito. As letras b) e f) do número 1 do artigo 36 quedan redactadas da seguinte forma:

«b) Ter superado nun ano natural calquera dos seguintes importes:

a') Para o conxunto das súas actividades empresariais ou profesionais, excepto as agrícolas, forestais e gandeiras: 150.000 euros anuais.

Para estes efectos, computarase a totalidade das operacións, con independencia de que exista ou non obrigación de expedir factura de acordo co disposto no Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

b') Para o conxunto das súas actividades agrícolas, forestais e gandeiras que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas: 250.000 euros anuais.

Para estes efectos, só se computarán as operacións que se deban anotar nos libros de rexistro previstos no terceiro parágrafo do número 1 do artigo 40 e no número 1 do artigo 47 deste regulamento.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, os ditos importes elevaranse ao ano.

Os efectos desta causa de exclusión terán lugar no ano inmediato posterior a aquel en que se produza. Os suxeitos pasivos previamente excluídos por esta causa que non superen os citados límites en exercicios sucesivos quedarán sometidos ao réxime especial simplificado, salvo que renuncien a el.»

«f) Ter superado nun ano natural o importe de 150.000 euros anuais, excluído o imposto sobre o valor engadido, polas adquisicións ou importacións de bens e servizos para o conxunto das actividades empresariais ou profesionais do suxeito pasivo, excluídas as relativas a elementos do inmovilizado.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o importe das citadas adquisicións e importacións elevarase ao ano.

Os efectos desta causa de exclusión terán lugar no ano inmediato posterior a aquel en que se produza. Os suxeitos pasivos previamente excluídos por esta causa que non superen os citados límites en exercicios sucesivos quedarán sometidos ao réxime simplificado, salvo que renuncien a el.»

Nove. Os números 2 e 3 do artigo 43 quedan redactados da seguinte forma e suprímese o número 5 do dito artigo:

«2. Quedarán excluídos do réxime especial da agricultura, gandería e pesca:

a) Os suxeitos pasivos que superen, para o conxunto das operacións relativas ás actividades comprendidas naquel, un importe de 250.000 euros durante o ano

inmediato anterior, salvo que a normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas establecese outra cifra para efectos da aplicación do método de estimación obxectiva para a determinación do rendemento das actividades a que se refire o número anterior, caso en se observará esta última.

b) Os suxeitos pasivos que superen para a totalidade das operacións realizadas, distintas das referidas na letra a) anterior, durante o ano inmediato anterior un importe de 150.000 euros.

c) Os suxeitos pasivos que superen no ano inmediato anterior o importe de 150.000 euros anuais, excluído o imposto sobre o valor engadido, polas adquisicións ou importacións de bens e servizos para o conxunto das actividades empresariais ou profesionais do suxeito pasivo, excluídas as relativas a elementos do inmovilizado.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade os importes citados nas letras anteriores elevaranse ao ano.

3. A determinación do importe de operacións a que se refiren os parágrafos a) e b) do número 2 anterior efectuarase aplicando as seguintes regras:

a) No caso de operacións realizadas no desenvolvemento de actividades a que resultase aplicable o réxime especial da agricultura, gandería e pesca e o réxime simplificado para o conxunto das actividades agrícolas, forestais e gandeiras que determine o ministro de Facenda e Administracións Públicas, computaranse unicamente aquelas que se deban anotar nos libros de rexistro a que se refiren o terceiro parágrafo do número 1 do artigo 40 e o número 1 do artigo 47, ambos deste regulamento.

b) No caso de operacións realizadas no desenvolvemento de actividades que tributasen polo réxime xeral do imposto ou un réxime especial distinto dos mencionados no parágrafo a) anterior, estas computaranse segundo o disposto no artigo 121 da Lei do imposto. Non obstante, non se computarán as operacións de arrendamento de bens inmoebles cuxa realización non supoña o desenvolvemento dunha actividade económica de acordo co disposto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.»

Dez. O primeiro parágrafo do artigo 45 queda redactado da seguinte forma:

«Para efectos do previsto no ordinal 1.º do número un do artigo 126 da Lei do imposto, non se considerarán procesos de transformación:»

Once. O número 2 do artigo 48 queda redactado da seguinte forma:

«2. O reintegro das compensacións que, de acordo co disposto no ordinal 2.º do artigo 131 da Lei do imposto, deba ser efectuado polo adquirente dos bens ou o destinatario dos servizos comprendidos no réxime especial, realizarase no momento en que teña lugar a entrega dos produtos agrícolas, forestais, gandeiros ou pesqueiros ou se presten os servizos accesorios indicados, calquera que sexa o día fixado para o pagamento do prezo que lle serve de base. O reintegro documentarase mediante a expedición do recibo a que se refire o número 1 do artigo 16 do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o reintegro das compensacións poderase efectuar, mediando acordo entre os interesados, no momento do cobramento total ou parcial do prezo correspondente aos bens ou servizos de que se trate e en proporción a eles.»

Doce. Os números 1 e 2 do artigo 49 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Para exercer o dereito á dedución das compensacións a que se refire o artigo 134 da Lei do imposto, os empresarios ou profesionais que as satisfixesen

deberán estar en posesión do recibo expedido por eles mesmos a que se refire o número 1 do artigo 16 do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro. O dito documento constituirá o xustificante das adquisicións efectuadas para os efectos da referida dedución.

2. Os citados documentos unicamente xustificarán o dereito á dedución cando se axusten ao disposto no citado artigo 16 do mencionado regulamento e se anoten nun libro de rexistro especial que os ditos adquirentes deberán cubrir. A este libro de rexistro seranlle aplicables, en canto resulten procedentes, os mesmos requisitos que se establecen para o libro de rexistro de facturas recibidas.»

Trece. O artigo 52 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 52. *Opción pola aplicación do réxime xeral do imposto.*

A opción pola aplicación do réxime xeral do imposto a que se refire o artigo 147 da Lei do imposto practicarase por cada operación realizada polo suxeito pasivo. A dita opción deberase comunicar por escrito ao destinatario da operación, con carácter previo ou simultáneo á prestación dos servizos de hospedaxe, transporte ou outros accesorios ou complementarios a eles. Non obstante, presumirase realizada a comunicación cando a factura que se expida non conteña a mención a que se refiren os artigos 6.1.n) e 7.1.i) do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.»

Catorce. O número 3 do artigo 61 queda redactado da seguinte forma:

«3. Os suxeitos pasivos a que sexa de aplicación este réxime especial deberán presentar tamén as declaracións-liquidacións que correspondan nos seguintes supostos:

1.º Cando realicen adquisicións intracomunitarias de bens, ou ben sexan os destinatarios das operacións a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, da Lei do imposto.

Nestes casos, ingresarán mediante as referidas declaracións o imposto e, se for o caso, a recarga que corresponda aos bens ou servizos a que se refiran as mencionadas operacións.

2.º Cando realicen entregas de bens a viaxeiros con dereito á devolución do imposto.

Mediante as ditas declaracións solicitarán a devolución das cantidades que reembolsaron aos viaxeiros, acreditadas coas correspondentes transferencias aos interesados ou ás entidades colaboradoras que actúen neste procedemento de devolución do imposto.

3.º Cando realicen entregas de bens inmoebles suxeitas e non exentas ao imposto, salvo que se trate de operacións a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra e), terceiro guión, da Lei do imposto.

Nestes casos, ingresarán mediante as correspondentes declaracións o imposto devindicado polas operacións realizadas.»

Quince. Modifícanse o título, o primeiro parágrafo e a letra a) do segundo parágrafo, ambos do número 1; os números 2, 3 e 6 do artigo 61 bis, e engádese un número 7, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 61 bis. *Información censual e definición de vinculación.*»

«1. As entidades que formen parte dun grupo de entidades e que vaian aplicar o réxime especial previsto no capítulo IX do título IX da Lei do imposto deberán comunicar esta circunstancia ao órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

«a) Identificación das entidades que integran o grupo e que van aplicar o réxime especial.»

«2. As entidades que, formando parte dun grupo, opten pola aplicación do réxime especial, conforme o disposto no número anterior, poderán optar, así mesmo, pola aplicación do disposto no artigo 163 sexies.cinco da Lei do imposto. En todo caso, esta opción referirase ao conxunto de entidades que apliquen o réxime especial e formen parte do mesmo grupo de entidades.

Esta opción poderase exercer de forma simultánea á opción pola aplicación do réxime especial ou con posterioridade ao inicio da dita aplicación pero, en todo caso, deberase comunicar durante o mes de decembro anterior ao ano natural en que deba producir efecto.

A opción terá unha validez mínima dun ano natural, entendéndose prorrogada, salvo renuncia. A renuncia terá unha validez mínima dun ano e exercerase mediante comunicación ao órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Esta renuncia non impedirá que as entidades que a formulen continúen aplicando o réxime especial do grupo de entidades con exclusión do disposto no artigo 163 sexies.cinco da Lei do imposto, sen prexuízo do disposto no número 1 deste mesmo artigo.

3. As entidades que exercesen a opción que se establece no artigo 163 sexies.cinco da Lei do imposto aplicarán a regra de *pro rata* especial a que se refire o artigo 103.dous.1.º da dita Lei do imposto en relación co sector diferenciado das operacións intragrupo, sen prexuízo das opcións que se poidan exercer en relación co resto de sectores diferenciados que, se for o caso, tivesen cada unha das entidades do grupo.»

«6. O ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá aprobar un modelo específico a través do cal se substancien as comunicacións que se citan nos números anteriores deste artigo, regulando a forma, lugar e prazos de presentación.

7. Considerarase que existe vinculación financeira cando a entidade dominante, a través dunha participación de máis do 50 por cento no capital ou nos dereitos de voto das entidades do grupo, teña o control efectivo sobre estas.

Considerarase que existe vinculación económica cando as entidades do grupo realicen unha mesma actividade económica ou cando, realizando actividades distintas, resulten complementarias ou contribúan á realización destas.

Considerarase que existe vinculación organizativa cando exista unha dirección común nas entidades do grupo.

Presumirase, salvo proba en contrario, que unha entidade dominante que cumpre o requisito de vinculación financeira tamén satisfai os requisitos de vinculación económica e organizativa.»

Dezaseis. Engádese o capítulo IX no título VIII, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO IX

Réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica

Artigo 61 duodecies. *Opción e renuncia. Efectos.*

1. A opción por algún dos réximes especiais a que se refire o capítulo XI do título IX da Lei do imposto realizarase a través da presentación, no Estado membro de identificación, da correspondente declaración de inicio nos réximes especiais, e producirá efecto a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte á presentación da indicada declaración.

No caso de que España sexa o Estado membro de identificación, a declaración de inicio regúlase nos artigos 163 noniesdecies e 163 duovicies da Lei do imposto.

Non obstante o anterior, cando un empresario ou profesional inicie as operacións incluídas nestes réximes especiais con carácter previo á data de efectos a que se refire no primeiro parágrafo, o réxime especial producirá efecto a partir da data en que comece a prestación dos servizos, sempre e cando o empresario ou profesional presente a dita declaración de inicio como máis tarde o décimo día do mes seguinte á data de inicio das operacións.

O establecido neste número enténdese sen prexuízo da facultade da Administración tributaria do Estado membro de identificación de denegar o rexistro aos réximes especiais cando o empresario ou profesional non cumpra as condicións para se acoller aos réximes en cuestión.

2. A renuncia voluntaria a calquera dos réximes especiais a que se refire este capítulo realizarase a través da presentación da declaración de cesamento nos réximes especiais ao Estado membro de identificación, que se deberá efectuar ao menos quince días antes de finalizar o trimestre natural anterior a aquel en que se queira deixar de utilizar o réxime especial, e producirá efecto a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte á presentación da indicada declaración de cesamento.

A renuncia terá efectos para un período mínimo de dous trimestres naturais contados a partir da data en que esta produza efecto e respecto ao réxime especial a que se aplique.

No caso de que España sexa o Estado membro de identificación, a declaración de cesamento regúlase nos artigos 163 noniesdecies e 163 duovicies da Lei do imposto.

3. Cando un empresario ou profesional establecido na Comunidade traslade a sede da súa actividade económica dun Estado membro a outro ou deixe de estar establecido no Estado membro de identificación pero continúe establecido na Comunidade e cumpra as condicións para poder seguir acollido ao réxime especial aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión, e aos servizos prestados por vía electrónica por empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade, pero non no Estado membro de consumo, poderá presentar a declaración de cesamento no Estado membro de identificación en que deixe de estar establecido e presentar unha nova declaración de inicio nun novo Estado membro na data en que se produza o cambio de sede ou de establecemento permanente.

O cambio de Estado membro de identificación producirá efecto desde a data en que se produza, sempre e cando o empresario ou profesional presente a declaración correspondente a cada un dos Estados membros de identificación afectados en que informe do cambio de Estado membro de identificación como máis tarde o décimo día do mes seguinte a aquel en que se producise o cambio de sede ou de establecemento permanente; en tal caso non resultará aplicable, ademais, o disposto no segundo parágrafo do número anterior.

O previsto neste número resultará igualmente aplicable nos supostos en que se produza un cambio no réxime especial de entre os previstos nas seccións 2.^a e 3.^a do capítulo XI do título IX da Lei do imposto.

4. Nos casos a que se refire o número 3 anterior e sempre que a declaración de cesamento no Estado membro de identificación en que deixe de estar establecido se presente nun día distinto ao último día dun trimestre natural, o empresario ou profesional virá obrigado a presentar a primeira declaración-liquidación trimestral do imposto que se produza tras a declaración de cesamento e efectuar o ingreso correspondente ao imposto nos dous Estados membros de identificación, atendendo ás prestacións de servizos efectuadas durante os períodos en que cada un dos Estados membros fosen o Estado membro de identificación.

Artigo 61 terdecies. *Exclusión e efectos.*

1. A exclusión dun empresario ou profesional de calquera dos réximes especiais será adoptada polo Estado membro de identificación, cuxa decisión deberá notificar ao dito empresario por vía electrónica e producirá efecto a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte á data da indicada comunicación.

Non obstante o anterior, cando a exclusión derive do cambio de sede de actividade económica ou de establecemento permanente, producirá efecto a partir da data do dito cambio, sempre e cando o empresario ou profesional presente a declaración de modificación a cada un dos dous Estados membros de identificación afectados, en que informe do cambio de Estado membro de identificación como máis tarde o décimo día do mes seguinte a aquel en que se producise o cambio de sede ou de establecemento permanente.

2. Serán causas de exclusión dos réximes especiais calquera das que se relacionan a continuación:

a) A presentación polo empresario ou profesional da declaración de cesamento por ter deixado de prestar servizos comprendidos en calquera dos réximes especiais; para tal efecto, o empresario ou profesional deberá presentar a dita declaración ao Estado membro de identificación como máis tarde o décimo día do mes seguinte a que se produza a dita situación.

No caso de que España sexa o Estado membro de identificación, a declaración de cesamento regúlase nos artigos 163 noniesdecies e 163 duovicies da Lei do imposto.

b) A existencia de feitos que permitan presumir que o empresario ou profesional deixou de desenvolver as súas actividades en calquera dos réximes especiais; considerarase que se produciu o anterior cando o empresario ou profesional non preste en ningún Estado membro de consumo algún dos servizos a que se refiren os réximes especiais durante un período de oito trimestres naturais consecutivos.

c) O incumprimento dos requisitos necesarios para se acoller a estes réximes.

d) O incumprimento reiterado das obrigacións impostas pola normativa destes réximes especiais, o cal concorrerá cando, entre outros:

a') se enviasen ao empresario ou profesional comunicacións ou recordatorios da obrigaçión de presentar unha declaración durante os tres trimestres naturais anteriores e non se presentase a correspondente declaración do imposto no prazo de dez días computados desde a recepción de cada recordatorio ou comunicación;

b') se enviasen ao empresario ou profesional comunicacións ou recordatorios da obrigaçión de efectuar un pagamento durante os tres trimestres naturais anteriores e non se aboase a suma íntegra no prazo de dez días computados desde a recepción de cada recordatorio ou comunicación, a menos que o importe pendente correspondente a cada declaración sexa inferior a 100 euros;

c') o empresario ou profesional incumprise a súa obrigaçión de pór á disposición do Estado membro de identificación ou do Estado membro de consumo os seus rexistros por vía electrónica no prazo dun mes desde o correspondente recordatorio ou comunicación remitido polo Estado membro de identificación.

A exclusión por motivo da letra a) anterior terá efectos para un período mínimo de dous trimestres naturais contados a partir da data do cesamento e respecto ao réxime especial a que se aplique. Cando a exclusión derive dos supostos a que se refire a letra d) anterior producirá efectos para un período mínimo de oito trimestres naturais contados a partir da data de efecto da exclusión e respecto dos dous réximes especiais.

Artigo 61 quaterdecies. *Obrigacións de información.*

O empresario ou profesional acollido a calquera destes réximes especiais deberá presentar unha declaración de modificación ao Estado membro de identificación ante calquera cambio na información proporcionada a este; a dita declaración deberase presentar como máis tarde o décimo día do mes seguinte a aquel en que se producise o cambio correspondente.

No caso de que España sexa o Estado membro de identificación, a declaración de modificación regúlase nos artigos 163 noniesdecies e 163 duovicies da Lei do imposto.

Artigo 61 quinquiesdecies. *Obrigacións formais.*

1. Os empresarios e profesionais teñen que levar un rexistro das operacións incluídas nestes réximes especiais, co detalle suficiente para que a Administración tributaria do Estado membro de consumo poida comprobar os datos incluídos nas declaracións do imposto. Para tal efecto, o dito rexistro deberá conter a seguinte información:

- a) O Estado membro de consumo en que se preste o servizo;
- b) o tipo de servizo prestado;
- c) a data da prestación do servizo;
- d) a base imponible con indicación da moeda utilizada;
- e) calquera aumento ou redución posterior da base imponible;
- f) o tipo do imposto aplicado;
- g) o importe debido do imposto con indicación da moeda utilizada;
- h) a data e o importe dos pagamentos recibidos;
- i) calquera anticipo recibido antes da prestación do servizo;
- j) a información contida na factura, en caso de que se emitise;
- k) o nome do cliente, sempre que se dispoña del;
- l) a información utilizada para determinar o lugar de establecemento do cliente, ou o seu domicilio ou residencia habitual.

2. A información anterior deberase conservar de tal maneira que permita a súa disposición por vía electrónica, de forma inmediata e por cada un dos servizos prestados, e estará dispoñible tanto para o Estado de consumo como para o Estado de identificación.

3. A expedición de factura, nos casos en que resulte procedente, determinarase e axustarase conforme coas normas do Estado membro de consumo.»

Dezasete. O número 5 do artigo 64 queda redactado da seguinte forma:

«5. Poderase facer un asento resumo global das facturas recibidas nunha mesma data, no cal se farán constar os números inicial e final das facturas recibidas asignados polo destinatario, sempre que procedan dun único provedor; a suma global da base imponible; a cota impositiva global, e se as operacións se encontran afectadas polo réxime especial do criterio de caixa, caso en que se deberán incluír as mencións a que se refire o número 2 do artigo 61 decies deste regulamento, sempre que o importe total conxunto das operacións, imposto sobre o valor engadido non incluído, non exceda 6.000 euros, e que o importe das operacións documentadas en cada unha delas non supere 500 euros, imposto sobre o valor engadido non incluído.

Igualmente, será válida a anotación dunha mesma factura en varios asentos correlativos cando inclúa operacións que tributen a distintos tipos impositivos.»

Dezaioito. O ordinal 6.º do número 8 do artigo 71 queda redactado da seguinte forma:

«6.º Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente actividades a que sexa de aplicación o réxime especial da recarga de equivalencia, cando soliciten da Facenda pública o reintegro das cotas que reembolsasen a viaxeiros, correspondentes a entregas de bens exentas do imposto de acordo co disposto no artigo 21, ordinal 2.º, da súa lei reguladora, así como cando realicen operacións de entrega de bens inmoebles suxeitas e non exentas do imposto, salvo que se trate de operacións a que se refire o artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra e), terceiro guión, da Lei do imposto.»

Dezanove. O número 1 do artigo 74 queda redactado da seguinte forma:

«1. A recadación e ingreso das cotas tributarias correspondentes a este imposto e liquidadas polas alfándegas nas operacións de importación de bens efectuaranse segundo o disposto no Regulamento xeral de recadación.

Non obstante o anterior, cando o importador sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, e sempre que tribute na Administración do Estado e que teña un período de liquidación que coincida co mes natural de acordo co disposto no artigo 71.3 do presente regulamento, poderá optar por incluír a cota liquidada polas alfándegas na declaración-liquidación correspondente ao período en que reciba o documento no cal conste a dita liquidación, caso en que o prazo de ingreso das cotas liquidadas nas operacións de importación se corresponderá co previsto no artigo 72 do mesmo regulamento. No caso de suxeitos pasivos que non tributen integramente na Administración do Estado, a cota liquidada polas alfándegas incluírase na súa totalidade na declaración-liquidación presentada á Administración do Estado.

A opción deberase exercer ao mesmo tempo de presentar a declaración censual de comezo da actividade, ou ben durante o mes de novembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto, entendéndose prorrogada para os anos seguintes en canto non se produza a renuncia a ela ou a exclusión.

A opción referirase a todas as importacións realizadas polo suxeito pasivo que deban ser incluídas nas declaracións-liquidacións periódicas.

A renuncia exercerase mediante comunicación ao órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria, mediante presentación da correspondente declaración censual, e deberase formular no mes de novembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto. A renuncia terá efectos para un período mínimo de tres anos.

Os suxeitos pasivos que exercesen a opción a que se refire este número quedarán excluídos da súa aplicación cando o seu período de liquidación deixe de coincidir co mes natural.

A exclusión producirá efectos desde a mesma data en que se produza o cesamento na obrigaación de presentación de declaracións-liquidacións mensuais.»

Vinte. A disposición adicional quinta queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional quinta. *Procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa.*

Nos procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa a que se refire a disposición adicional sexta da Lei do imposto, os adxudicatarios que teñan a condición de empresario ou profesional están facultados, en nome e por conta do suxeito pasivo, e con respecto ás entregas de bens e prestacións de servizos suxeitas a este que se produzan naqueles procedementos, para expedir a factura en que se documente a operación e efectuar, se for o caso, a renuncia ás exencións previstas no número dous do artigo 20 da dita lei; así mesmo, están facultados para repercutir a cota do imposto na factura que se expida, presentar a declaración-liquidación correspondente e ingresar o importe do imposto

resultante, salvo nos supostos das entregas de bens e prestacións de servizos en que o suxeito pasivo delas sexa o seu destinatario, de acordo co disposto no artigo 84.un.2.º da Lei do imposto.

Nos ditos procedementos resultarán de aplicación as seguintes regras:

1.^a O exercicio polo adxudicatario destas facultades deberá ser manifestado por escrito ante o órgano xudicial ou administrativo que estea desenvolvendo o procedemento respectivo, de forma previa ou simultánea ao pagamento do importe da adxudicación.

Nesta comunicación farase constar, se for o caso, o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 8 deste regulamento para a renuncia á exención das operacións inmobiliarias, así como o exercicio dela.

O adxudicatario quedará obrigado a pór en coñecemento do suxeito pasivo do imposto correspondente á dita operación, ou aos seus representantes, que exerceu estas facultades, remitíndolle copia da comunicación presentada ante o órgano xudicial ou administrativo, no prazo dos sete días seguintes ao da súa presentación ante aquel. Non será obrigatoria a dita remisión cando se trate de entregas de bens e prestacións de servizos en que o adxudicatario sexa o suxeito pasivo delas de acordo co disposto no artigo 84.un.2.º da Lei do imposto.

O exercicio desta facultade polo adxudicatario determinará que o suxeito pasivo ou os seus representantes non poidan efectuar a renuncia ás exencións prevista no número dous do artigo 20 da Lei do imposto, nin proceder á confección da factura en que se documente a operación, nin incluír a dita operación nas súas declaracións-liquidacións, nin ingresar o imposto devindicado con ocasión desta.

2.^a A expedición da factura en que se documente a operación deberase efectuar no prazo a que se refire o artigo 11 do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, tomando como data de devindicación aquela en que se dita o decreto de adxudicación.

A dita factura será confeccionada polo adxudicatario e nela farase constar, como expedidor, o suxeito pasivo titular dos bens ou servizos obxecto da execución e, como destinatario da operación, o adxudicatario.

Estas facturas terán unha serie especial de numeración.

O adxudicatario remitirá unha copia da factura ao suxeito pasivo do imposto, ou aos seus representantes, no prazo dos sete días seguintes á data da súa expedición, e o orixinal deberá quedar en poder do adxudicatario.

3.^a O adxudicatario efectuará a declaración e ingreso da cota resultante da operación mediante a presentación dunha declaración-liquidación especial de carácter non periódico das que se regulan no número 8 do artigo 71 deste regulamento.

O adxudicatario remitirá unha copia da declaración-liquidación, en que conste a validación do ingreso efectuado, ao suxeito pasivo ou aos seus representantes no prazo dos sete días seguintes á data do mencionado ingreso, e o orixinal deberá quedar en poder do adxudicatario.

Non se aplicará o anterior cando se trate de entregas de bens e prestacións de servizos en que o adxudicatario sexa o suxeito pasivo destas de acordo co disposto no artigo 84.un.2.º da Lei do imposto.

4.^a Cando non sexa posible remitir ao suxeito pasivo, ou aos seus representantes, a comunicación do exercicio destas facultades, a copia da factura ou da declaración-liquidación a que se refiren as regras 1.^a, 2.^a e 3.^a anteriores por causa non imputable ao adxudicatario, os ditos documentos deberanse remitir, no prazo de sete días desde o momento en que exista constancia de tal imposibilidade, á Axencia Estatal de Administración Tributaria, e indicarse tal circunstancia.»

Vinte e un. Engádesse unha disposición adicional sétima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional sétima. *Referencia normativa.*

Os termos “a Comunidade” e “a Comunidade Europea”, que se recollen neste regulamento, entenderanse referidos a “a Unión”; os termos “das Comunidades Europeas” ou “da CEE” entenderanse referidos a “da Unión Europea”, e os termos “comunitario”, “comunitaria”, “comunitarios” e “comunitarias” entenderanse referidos a “da Unión”.»

Vinte e dous. Engádesse unha disposición adicional oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional oitava. *Recadación en período executivo das cotas do imposto sobre o valor engadido á importación.*

O período executivo das cotas do imposto sobre o valor engadido á importación, para aqueles suxeitos pasivos que exercesen a opción polo sistema de diferimento do ingreso previsto no artigo 74.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, iniciárase o día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso da correspondente declaración-liquidación, respecto das cotas liquidadas e non incluídas nesta polo suxeito pasivo; para tal efecto, entenderase que as cotas consignadas na declaración-liquidación corresponden ás cotas liquidadas de acordo coa data de cada unha das liquidacións, iniciándose pola data máis antiga correspondente ao período.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

O Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Modifícanse as letras c) e f) e engádense as letras o) e p) no número 3 do artigo 9, que quedan redactadas da seguinte forma:

«c) Renunciar ao método de estimación obxectiva e á modalidade simplificada do método de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas ou aos réximes especiais simplificado, e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido.»

«f) Optar pola determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o número dous do artigo 137 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.»

«o) Comunicar a condición de empresario ou profesional revendedor dos bens a que se refire o artigo 84.un.2.ºg) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

p) Optar pola aplicación do diferimento do ingreso das cotas de imposto sobre o valor engadido nas operacións de importación liquidadas pola alfándega, a que se refire o artigo 167.dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido»

Dous. Modifícanse as letras d) e h) do número 2 do artigo 10, que quedan redactadas da seguinte forma:

«d) Optar pola determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e

obxectos de colección a que se refire o número dous do artigo 137 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.»

«h) Revogar as opcións ou modificar as solicitudes a que se refiren os parágrafos d), e) e f) anteriores e os parágrafos f), h) e p) do artigo 9.3 deste regulamento, así como a comunicación dos cambios das situacións a que se refiren o parágrafo g) deste número e os parágrafos i) e o) do artigo 9.3 deste regulamento.».

Tres. Modifícase a letra d) do número 4 do artigo 139, que queda redactada como segue:

«d) As débedas tributarias devindicadas en concepto do imposto sobre o valor engadido nas operacións de importación, excepto nos casos en que se optase pola aplicación do diferimento do ingreso das cotas do imposto sobre o valor engadido relativas ás ditas operacións liquidadas pola alfándega a que se refire o artigo 167. dous da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.»

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro.*

O Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, queda modificado como segue:

Un. A letra b) do número 1 do artigo 3 queda redactada da seguinte forma:

«b) As realizadas por empresarios ou profesionais no desenvolvemento de actividades a que sexa de aplicación o réxime especial da recarga de equivalencia. Non obstante, deberase expedir factura en todo caso polas entregas de inmoables suxeitas e non exentas do imposto.»

Dous. Modifícase a letra a) do número 1 do artigo 6, que queda redactada da seguinte forma:

«a) Número e, se for o caso, serie. A numeración das facturas dentro de cada serie será correlativa.

Poderanse expedir facturas mediante series separadas cando existan razóns que o xustifiquen e, entre outros supostos, cando o obrigado á súa expedición conte con varios establecementos desde os que efectúe as súas operacións e cando o obrigado á súa expedición realice operacións de distinta natureza.

Non obstante, será obrigatoria, en todo caso, a expedición en series específicas das facturas seguintes:

1.º As expedidas polos destinatarios das operacións ou por terceiros a que se refire o artigo 5, para cada un dos cales deberá existir unha serie distinta.

2.º As rectificativas.

3.º As que se expidan conforme a disposición adicional quinta do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

4.º As que se expidan conforme o previsto no artigo 84, número un, ordinal 2.º, letra g), da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

5.º As que se expidan conforme o previsto no artigo 61 quinquies, número 2, do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.»

Tres. A letra b) do número 1 e o número 3 do artigo 16 quedan redactados da seguinte forma:

«b) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado á súa expedición e do titular da

explotación agrícola, gandeira, forestal ou pesqueira, con indicación de que está acollido ao réxime especial da agricultura, gandaría e pesca.»

«3. Nas operacións a que resulte aplicable o réxime especial das axencias de viaxes, os suxeitos pasivos non estarán obrigados a consignar por separado na factura que expidan a cota repercutida, e o imposto deberase entender, se for o caso, incluído no prezo da operación. En todo caso, nas facturas en que se documenten operacións ás cales sexa de aplicación este réxime especial deberase facer constar a mención a que se refiren os artigos 6.1.n) ou 7.1.i).»

Disposición transitoria primeira. *Comunicación da condición de revendedor para o exercicio 2015.*

A comunicación da condición de revendedor a que se refire o artigo 24 quinquies do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, para o ano 2015, poderana realizar até o 31 de marzo do dito ano aqueles empresarios ou profesionais que viñesen realizando actividades empresariais ou profesionais no ano 2014, mediante a presentación da correspondente declaración censual.

Disposición transitoria segunda. *Opción polo diferimento do ingreso das cotas do imposto sobre o valor engadido á importación.*

O exercicio da opción a que se refire o artigo 74.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, para o ano 2015, poderase realizar até o 31 de xaneiro do dito ano e producirá efecto a partir do primeiro período de liquidación que se inicie con posterioridade á data en que se exerceu a opción.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir do 1 de abril de 2016 queda derogada a disposición adicional única do Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para ditar, no ámbito das súas competencias, as normas que sexan precisas para o desenvolvemento do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015. Non obstante:

a) O previsto no número catro do artigo primeiro, exclusivamente no que respecta á inclusión do novo número 5 do artigo 24 quáter do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, entrará en vigor o 1 de abril de 2015.

b) O previsto nos números oito e nove do artigo primeiro, este último só no que respecta á modificación dos números 2 e 3 do artigo 43 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO